

CASA DOS ESPELLOS

revista poliédrica da cultura galega nº4- 2021



CASA DOS ESPELLOS

Revista poliédrica da cultura galega

EDITA



Betanzos
ISSN 2603-9583

COORDINA

COORDINA

Ángel Arcay Barral

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

COLABORACIONES

Daniel P. Murado

José Raimundo Núñez-Varela Lendoiro

Raúl Otero Sánchez

Juan Antonio Rodríguez Arnao

David Miguel Rodríguez Martínez

Roque Sanfíz Arias

Antía Seco Cendán

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

Ricardo Varela Fernández

Ángel Arcay Barral

Carlos Barja Márquez

Adrián Feijoo Sánchez

Sara Fraga Pérez

Mateo Martínez Torres

COMITE CIENTIFICO

Pilar Cagiao Vila (Universidade de Santiago de Compostela)

Adrián Feijoo Sánchez (Universidade Santiago de Compostela)

Carlota González Míguez (Asociación de Amigos del Parque del Pasatiempo)

David Martín López (Universidad de Granada)

Ernesto Vázquez-Rey (Universidade da Coruña)

José Manuel Rey Bao (IES Francisco Aguiar)

Julián Ferrer García (IES Francisco Aguiar)

Patrizia Granziera Ceotto (Universidad Autónoma del Estado de Morelos)

COMITE TECNICO

Lucía Díaz Vilarinho

Paula Cousillas Pena

Noelia Fraga Pérez

Jose Souto Santé

DESEÑO E ILUSTRACIONES

Yosune Duo: Maquetación, Diana Sobrado: Portada Xeral //Portadas dos artigos- Carmiña Burana, Yosune Duo, Diana Sobrado, Jose Souto, Adriana Villamisar, Sonia Zarracquiños . Mar Vieites fixo o anxiño do encabezado das páxinas pares (inspirada no capitel da Casa dos Espellos e da Casa Tquilla). Jose Souto debuxou o escudo de Betanzos da seguinte páxina (tomado do cartel das festas de Betanzos do 1934 obra de Camilo Díaz Baliño) a filigrana do índice (inspirada nos mosaicos de azulexos da Casa dos Espellos).

PERIODICIDADE&CALL FOR PAPERS

Casa dos Espellos é unha revista anual que recibe os seus artigos antes do 31 de outubro.

CONTACTO

Podes suscribirte á publicación de novos números, enviar traballos ou solicitar información nos seguintes medios de contacto




www.casadosespellos.gal



facebook.com/casadosespellos/



casadosespellos@gmail.com



Fontes documentais arredor dos García Naveira (IV): o patrimonio das Escolas e Asilo García Irmáns de Betanzos a través dos seus inventarios

pax8-33

ÁngelArcayBarralDanielLucasTeijeiroMosquera

Agasallos da Diáspora: proxecto de Xornadas de Patrimonio Cultural e Emigración en Galicia

pax34-41

AntíaSecoCendán

Dous bustos dos irmáns García Naveira creados por Indalecio Díaz Baliño e a Fundación Solórzano

pax42-51

DanielLucasTeijeiroMosquera

De cando as mulleres do Asilo García Irmáns bailaron e cantaron a ribeirana

pax52-71

SaraFragaPérez

A horta ilustrada de Antonio Raimundo Ibáñez

pax72-85

RicardoVarelaFernández

El Pasatiempo de Betanzos: imáxenes de un desatino

pax86-93 JoséRaimundoNúñez-VarelaLendoiro.CronistaoficialdeBetanzos

Recordando la Historia: postales de una filantropía

pax94-137

JuanAntonioRodríguezArnao

Reseña: Bieito Alonso (2019). Anarquistas galegos en América. Ed. Galaxia, Vigo

pax138-141

AdriánFeijooSánchez

El álbum de recuerdos

pax142-157 RaúlOteroSánchez

Requeixo: el balneario clandestino

pax158-165

CarlosBarjaMárquez

El Rexurdimento de la imaxinería: la escuela escultórica gallega contemporánea

pax166-179

DanielP. Murado

Historia de la tortilla de Betanzos

pax180-187

ÁngelArcayBarral

Unha proposta de divulgación histórica nas redes e na rúa: Mazarelos

pax188-193 MateoMartínez Torres,DavidMiguelRodríguezMartínezeRoqueSanfízArias



UNHA PROPOSTA DE DIVULGACION NAS REDES E NA RUA:
MAZARELOS



Unha proposta de divulgación histórica nas redes e na rúa: *Mazarelos*

Mateo Martínez Torres
Historiador

<https://orcid.org/0000-0001-7659-6945>

David Miguel Rodríguez Martínez
Historiador

<https://orcid.org/0000-0001-5270-3961>

Roque Sanfíz Arias
Historiador

<https://orcid.org/0000-0002-9453-9730>

Ilustracións: Yosune Duo

Resumo

A divulgación científica está adaptándose aos novos tempos e formatos. A Historia precisa dar saída ao coñecemento xerado nas facultades e acercalo á sociedade. A través das redes e dunha revista, *Mazarelos* propón unha serie de liñas de actuación para difundir de maneira efectiva, consciente e comprometida o coñecemento histórico.

Palabras chave: divulgación, historia, cultura, historia dixital, redes sociais.

Abstract

Popular science is adapting to new times and formats. History needs to give out knowledge generated in faculties and bring it closer to society. Through social media, web and a paper, *Mazarelos* proposes some courses of action to effectively, consciently and committedly spread historical knowledge.

Keywords: divulgation, history, culture, digital history, social media.

Cando escribimos esperamos que alguén nos lea ou, mellor dito, que poda chegar a lernos se lle interesa.

Cando investigamos buscamos algún sitio onde atopar resposta ás nosas preguntas ou, simplemente, algún indicio. Na maioría de ocasións a suposta réplica dá lugar a máis preguntas (Mazarelos, 2019).

Estas eran as motivacións que sinalabamos na nosa primeira editorial dixital en xaneiro de 2019 "De onde vimos e a onde imos". *Mazarelos* naceu como unha páxina web co propósito

de ser un espazo de publicación e divulgación histórica na rede. Pasaron os meses e hoxe é, ademais dunha plataforma dixital, unha revista cuatrimestral en papel. Pero, para que?

Está todo perdido?

As redes sociais son culpadas dende moitas tribunas de espallar fake news e malgastar o tempo de rapaces e non tan rapaces. Tamén son o lugar onde todos regalamos a nosa privacidade a empresas para a súa posterior venda. Todas estas críticas son certas mais nós cremos que nas redes existe unha oportunidade. O



Unha proposta de divulgación histórica nas redes e na rúa: Mazarelos |
Mateo Martínez Torres, David Miguel Rodríguez Martínez e Roque Sanfíz Arias



[Inicio](#) [Temas](#) [Entrevistas](#) [Opinión](#) [Miscelánea](#) [Revista](#) [Tenda](#) [Mazarelos](#)



tráfico que chega aos artigos publicados en mazarelos.gal provén na súa maioría das redes sociais. Xente decide cada día elixir no seu muro a publicación de *Mazarelos*. Escolla sorprendente se nos deixamos levar polos malos augurios que recaen sobre este tipo de proxectos.

A ciencia constrúese a partir de hipóteses e o seu conseguente proceso de validación; tamén a Historia. A súa vantaxe é que, ben comunicada, pode ser comprendida pola maioría das persoas e contar cun público interesado. Por esta

razón, coidamos que é de vital importancia a calidade da mensaxe e as canles para a súa difusión. Como disciplina académica, a Historia vive ancorada nalgunhas rémoras que impiden traspasar os muros das institucións, malia os intentos por adaptarse á Historia dixital (Eiroa, 2018). Por iso, achamos necesaria a creación de ferramentas complementarias para superar estas barreiras. Un dos campos no que a Historia ten un inmenso potencial e marxe de crecemento é na divulgación. A nosa disciplina non pode ficar queda vendo como outras se adap-

tan aos novos medios e conseguen explicar dun xeito efectivo o coñecemento científico. Cómpre tamén prestar atención e estudar as fórmulas de comunicar. É preciso garantir unha difusión efectiva do enorme caudal de coñecemento xerado por investigadoras, asociacións ou institucións no ámbito da Historia e as ciencias afíns.

A nosa experiencia partiu da creación de pequenos artigos cunha lectura sinxela e un aparato visual chamativo. A idea era que os contidos fosen atractivos para quen está a deslizar o seu timeline no teléfono ou no ordenador. Ademais, logralo sen renunciar á calidade e rigorosidade que precisa cada texto.

Conseguímolos? Os máis de 150 artigos que levamos publicados ofreceron resultados dispares. A calidade non está ligada coa audiencia, mais coñecer os intereses e as tendencias do público poden axudar se o que queremos é ser lidos e xerar un impacto.

Observamos unha serie de contidos que despertaron un especial interese; singularmente aqueles relacionados con cuestións locais. Barrios, vilas e aldeas galegas teñen o seu correspondente grupo de *Facebook* onde se comparten imaxes, memorias e debates sobre o seu pasado. No terceiro número da *Revista Mazarelos*, Manuel Gago falaba deles como grandes repositorios da memoria suxeitos á vontade dunha empresa (Cajigal e Gago, 2020). A súa autoorganización podería ser obxecto de estudo en si mesmo, mais non é o noso interese neste texto. Queremos destacar o seu potencial para chamar a atención e crear debate sobre contido histórico. Na nosa experiencia, os artigos sobre cuestións locais partillados en grupos de xente vinculada a esa comunidade son lidos por centos de persoas, compartidos por contas persoais e mesmo obxecto de debate. Compartindo os artigos de historia local nestas plataformas lográbamos interactuar con persoas moi interesadas en coñecer o pasado da súa contorna.

Tamén é salientable o éxito cando logramos axustar as publicacións ao calendario e á actualidade. Os temas presentes no debate público -nas redes ou nos medios convencionais- son capaces de atraer unha maior atención e xerar máis resposta. O éxito de moitas contas das redes sociais relacionadas coa Historia provén da súa presenza constante no *timeline*. Neste sentido, decatámonos de que non chegaba con publicar artigos da web nas redes sociais, senón que era necesaria unha interacción constante co presente a través de efemérides, entrevistas ou artigos de opinión. Neste ano, abordamos antecedentes das pandemias con Xoán Carlos Abad (maio, 2020), falamos sobre Historia e Patrimonio coas candidatas ás eleccións galegas (xullo, 2020) e entrevistamos ao profesor Cas Mudde sobre as eleccións de EEUU (novembro, 2020). Malia todo, a análise da actualidade precisa dun tempo para ver en perspectiva. Nun intento por analizar o impacto que tivo a primeira vaga da pandemia fixemos un debate online con seis investigadoras sobre a relación das ciencias sociais coa COVID-19 (xuño, 2020). Tentamos ademais darlle unha perspectiva interdisciplinar, invitando a unha antropóloga, socióloga e tres historiadores.

Nesta liña, somos conscientes das carencias da nosa comunicación. É preciso aprender doutras experiencias e disciplinas. Miguel Cajigal apuntaba na entrevista que lle fixemos no número 3 da *Revista Mazarelos* unha das claves: a adaptabilidade á plataforma. Unha estratexia comunicativa eficaz para cada rede social é unha das claves para poder ampliar públicos diversos. É preciso traballar en profundidade o posicionamento *SEO* para garantir que os contidos sexan accesibles ao buscar un tema.

As redes non son o inimigo. Tampouco é que teñan que ser aliadas, mais hoxe temos que utilizalas ao noso favor e para iso é imprescindible aprender da experiencia, compartir os coñecementos adquiridos e experimentar novas formas de facer.



Unha proposta de divulgación histórica nas redes e na rúa: Mazarelos |
Mateo Martínez Torres, David Miguel Rodríguez Martínez e Roque Sanfíz Arias



Da rede á rúa

Entre setembro e decembro de 2019 levamos adiante unha campaña de micromecenado que permitiu nacer *Mazarelos: Revista de Historia e Cultura*.

Para que? O contexto abre fendas polas que pretendemos colarnos. Moitas revistas especializadas abandonan a súa versión impresa en favor da publicación dixital. As vendas dos xornais nos quioscos están en caída e moitos optan por muros de pago. O éxito das publicacións de hoxe pasa por un deseño atractivo, unha variedade temática e ser quen de crear unha identificación co lector. Ademais, deben xestionarse profesionalmente, adaptándose ao seu público e aproveitando as ferramentas dixitais para fortalecer e dinamizar o proxecto. Atrás quedaron as revistas clásicas con amplas tiradas que poboaban mesas e mostradores. As revistas culturais de hoxe baséanse nunha comunidade de subscriptores e unha tirada calculada en función da demanda. A preferencia polo dixital e a responsabilidade

ecolóxica obrigan a adaptar o total de exemplares que saen do prelo. Cómpre deixar de ver o papel como limitador e englobalo nunha estratexia completa.

Nun mundo sobrecargado de contidos, esta comunidade trascende alén dos números. Escollen unha plataforma por diante dunha morea de alternativas e inician un diálogo consumindo e sendo partícipes dos contidos das súas redes sociais. Lonxe da discordia, quer dixital ou físico quer académico ou popular, apostamos por unha fórmula divulgativa e rigorosa capaz de compracer na súa esencia. Trascender ocupando un espazo nos escaparates das librerías, pero co obxectivo de ser lidas e que o lector xere unha capacidade crítica e reflexiva a partir dela. O papel lexítima ao dixital e o dixital aproveítase do papel. Unha retroalimentación que favorece a difusión efectiva en distintos grupos sociais. O paso da rede á rúa debe ser porque a Historia está nela, pero tamén porque a xente o demande.

A onde imos?

Non estamos seguros de que exista unha resposta. A divulgación precisa de adaptarse a novos medios e formatos, mais tamén de protagonistas. Na Galiza hai asociacións e proxectos colectivos, moitas veces de xeito desinteresado, espallados polo territorio a realizar importantes tarefas de dinamización social, recuperación do

patrimonio e da memoria. Traballamos para mover marcos e establecer relación con elas. Só así, lograremos poñer en valor un traballo que é vital para a sociedade. Este camiño permitiranos encher ocos e cubrir un espazo necesario no presente. escoitar, aprender e compartir.

BIBLIOGRAFÍA

CAJIGAL, Miguel e GAGO, Manuel (2020). "Conversa con Miguel Cajigal e Manuel Gago". En *Mazarelos: revista de historia e cultura*, 3, 78-95.

EIROA, Matilde (2018). Historia Digital: Una apuesta del siglo XXI. En *Revista Ayer*, 110.

Mazarelos (2019). *De onde vimos e a onde imos?* [consultado o 26 de novembro de 2020]. Disponible en <https://www.mazarelos.gal/2019/02/01/o-noso-proxecto/>



NORMAS DE PUBLICACIÓN

TEMA

Casa dos Espellos: Revista poliédrica da culturagalega é unha revista anual de Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Antropoloxía e Literatura, podendo admitir outras temáticas segundo o criterio do seu Comité Científico.

TRABALLOS

Publicaranse traballos orixinais e inéditos, podendo reeditar traballos que contén cun interese especial para a nosa temática. Non se aceptarán para a súa valoración traballos que foran publicados noutros medios ou estean en proceso de ser aceptados para outra publicación.

PRESENTACIÓN

Os traballos serán presentados por correo electrónico dentro do proceso de recepción de orixinais.

IDIOMAS

Os idiomas dos traballos poderán ser: galego, castelán, portugués e inglés.

FORMATO

A extensión máxima será de 10 follas sen ter en conta as imaxes. Entregarase unha copia formato Word ou Open Office, cunha letra Times New Roman a tamaño 12 e cun interlineado de 1,5. As notas ao pé terán un tamaño 10 e interlineado sinxelo. O sistema de citas será o Estilo Harvard, presentando as referencias completas ao final do texto.

O inicio do traballo debe contar cun título, un breve

resumen e cinco palabras clave que definan o traballo, no idioma do texto e a súa respectiva tradución ao inglés.

Noutro documento a parte, deberán aparecer os datos do autor: nome completo, correo electrónico, filiación profesional e unha breve descripción biográfica acompañada dunha imaxe para ser engadida ao apartado de “Colaboradores” da nosa web.

A Bibliografía aparecerá ao final do texto, ordenada alfabeticamente por autores e dentro de cada autor seguirá unha orde cronolóxica. Exemplos:

· Para libros: APELIDOS, Nome (Ano). Título. Lugar de edición, Editorial.

· Para artigos: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do artigo”. En Título da Revista, número. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.

· Para capítulo: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do capítulo”. En APELIDOS, Nome. Título do libro. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.

· Para notas de prensa: Título da publicación, data, número, páxina. Título da nota ou da imaxe.

· Para fotografías: APELIDOS, Nome (Ano). Título da fotografía. Medidas. Fondo.

· Para cuadros: APELIDOS, Nome (Ano). Título da obra. Material, medidas. Fondo.

IMAXES

As imaxes empregadas serán de autoría propia, estarán suxeitas a Creative Commons ou virán acompañadas do consentimento do autor para a súa publicación, no caso de ser un terceiro. O formato preferido será TIFF e a resolución mínima esixida será de 300ppp. De non contar ca resolución óptima poden ser desbotadas do artigo.

Non aparecerán no texto, senón que virán adxuntas no correo electrónico, cunha sinalización numérica (Fig. 1, Fig. 2, etc.) no traballo para que o equipo de deseño coñeza a súa disposición.

DIFUSIÓN

Todos os traballos presentados estarán dispoñibles en plataformas de acceso libre

DEREITOS

Os autores sempre serán os responsables legais dos seus textos. Non se poderá esixir ningún tipo de remuneración económica.

REVISIÓN

Será decisión do Comité Científico consultado, a publicación definitiva de cada traballo, tratando sempre de corrixir xunto co autor todos aqueles erros que sexan advertidos.

Os artigos de investigación estarán avaliados por dous expertos externos á Revista, mediante un sistema de dobre cego, sendo anónimo o proceso tanto para o autor

coma para quen o avalíe.

A revista comprométese a adoptar unha decisión sobre a publicación de orixinais nun prazo de seis meses, reservándose o dereito de publicación nun prazo dun ano, dependendo sempre das necesidades da revista.

Casa dos Espellos contactará cos avaliadores aos que lles remitirá unha copia do texto sen indicio directo da identidade do autor e un modelo de informe no que se poida avaliar o contido do artigo, os aspectos formais, a calidade do texto, a clasificación tipolóxica no que deberemos encadralo e un veredicto no que se aconselle ou non a súa publicación ou a súa corrección. Estes datos poden ser enviados ao autor, tamén de forma anónima para o seu coñecemento e para favorecer as eventuais modificacións.

CORRECCIÓN

Casa dos Espellos conta cun Comité de Redacción que revisará todos os textos e poderá propoñer modificacións nos mesmos aos autores, que disporán dun prazo máximo de dúas semanas para solventar os erros indicados. Non se permitirán cambios sustanciais do texto entregado.

— O feito de participar na revista, garante aceptación e o cumprimento destas normas —

